

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LOBIOS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE LOBIOS

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

## REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, dona M<sup>a</sup> del Carmen Yáñez Salgado, actuando en nome e representación do Concello de Lobios (NIF P3204300B), en virtude da súa condición de alcaldesa - presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

## EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo



autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

III. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

IV. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de Lobios.


V. Tal e como se pon de manifesto no informe do concello, o centro de saúde de Lobios require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo, concretamente a implantación dun sistema de climatización por bomba de calor.

A reforma proxectada implica un elevado custo económico dificilmente asumible polo concello. É por iso que o Servizo Galego de Saúde, en atención as circunstancias sinaladas, excepcionalmente farase cargo dun maior porcentaxe do custo.

VI. O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrencia pública.

VII. O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.



Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lobios para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Lobios, propiedade do concello.

Segundo se detalla no informe do concello, as obras de reforma consistirán na implantación dun sistema de climatización por bomba de calor.

### Segunda. *Orzamento das actuacións*

O orzamento das obras de reforma do centro de saúde, segundo se desprende do informe do concello ascende a:

Aportación do Concello	14.117,96 €
Aportación do Sergas	42.353,88 €
IMPORTE TOTAL	56.471,84 €

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá na parte que execute as obras.

### Terceira. *Requisitos*

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o concello cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

### Cuarta. *Compromisos do concello*

O concello obrígase a:



1. Llevar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).

2. Cofinanciar as obras a realizar polo seguinte importe:

Aportación do Concello	14.117,96 €
------------------------	-------------

3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante o Servizo Galego de Saúde, da execución da actividade subvencionada. Tamén se compromete a requirirle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

6. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

#### **Quinta. Compromisos do Servizo Galego de Saúde**

O Servizo Galego de Saúde cofinanciará as obras a realizar, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente, e co seguinte importe:

Aportación do Sergas	42.353,88 €
----------------------	-------------



Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.

#### **Sexta. Xustificación e pagamento**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Trala sinatura do convenio e, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cando o investimento esixa pagos inmediatos, poderase realizar un pago anticipado por importe máximo do 50% da subvención concedida. A tal fin, o concello achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Contrato asinado coa empresa contratista.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O concello xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.



- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

A data límite para a xustificación destes gastos será o 29 de decembro de 2023.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local beneficiaria estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

#### **Sétima. Comisión de seguimento**


Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por un total de catro persoas, das cales, dúas serán designadas polo Servizo Galego de Saúde, e dúas serán designadas polo concello de Lobios. A competencia para esta designación correspóndelle ao/á máximo/a responsable de cada unha das partes asinantes do convenio.

A comisión reunirse a solicitude dunha das partes, considerándose constituída coa asistencia de, como mínimo, unha persoa representante de cada entidade asinante.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas polo Servizo Galego de Saúde, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co



disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Oitava. *Natureza do convenio***

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

#### **Novena. *Compatibilidade***

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **Décima. *Revogación, reintegro e resolución***



A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

#### **Décimo primeira. *Publicidade***

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. O Servizo Galego de Saúde



publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**Decimo segunda. Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2023.


En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde



Julio García Comesaña

Polo Concello de Lobios



Mª del Carmen Yáñez Salgado